




Aira Editorial permite acceso libre, por tempo limitado, ao pdf de **Carriandola. As abraiante aventuras de Mariña**, recomendado para todos os públicos. O cómic de **Aloysius e Simón Blanco** conta a historia de Mariña, unha heroína especial, nun tramo do Camiño de Santiago.

CÓMIC

O ciclo de filmes que ofrece de balde a plataforma **Novo Cinema Galego** inclúe cintas tan interesantes como **Vikingland**, a moi libre versión de Moby Dick de **Xurxo Chirro**, e a primeira longametraxe de **Oliver Laxe**, a premiada **Todos vós sodes capitáns**.

CINEMA



O **Festival Atlántica** de narración oral tivo que cancelarse, pero o conto non parou! Podes ver na súa canle de Youtube vídeos de **Olga Abad, Luis Prego, Charo Pita** ou **Pablo Díaz** entre outras.

NARRACIÓN ORAL

5 PROPOSTAS DE LECER PARA QUEDAR NA CASA

Aquí tes 5 das moitísimas propostas culturais que durante estes días diferentes artistas, autoras e editoriais ofrecen, de balde, para quedar na casa e que non nos aburramos. Preme na imaxe de cada unha para acceder ao seu sitio web. Hai propostas para todas! **#euquedonacasa**



CULLEREDO
CONCELLO
CONCELLERÍA DE CULTURA



Farta de cancelar o seu recital **Lorem Ipsum**, **Leite Edicións** reconvertiuno en **Corona Ipsum**, un evento virtual no que cada día unha poeta recita textos propios ante a cámara. Xa pasaron pola súa canle de Facebook **Afra Torrado, Lucía Cernadas** ou **Carlos Callón**.

POESÍA



Puidemos ver a **Abe Rábade** no **Burgojazz** dp 2019 e, agora, podemos velo outra vez nesta marabilla de concerto que deu o pasado 18 de marzo na súa casa. O concerto componse de cinco pezas inéditas que formarán parte do seu próximo e esperado traballo discográfico.

MÚSICA